

Pensar Ferrín, repensar o sistema

Ensaio A publicación en homenaxe ao escritor ourensán rexeita o ritual da gabanza estéril e convida á batalla de ideas respecto da literatura galega

Arrepíos dan cando se sente o ruxor dunha homenaxe na literatura galega. Sobre todo por estarmos afeitos a que este tipo de iniciativas non sexan quen de quebrar a retórica da celebración solemne, ritualizada e auto-compracente (estéril, en definitiva) tan prezada polas institucións. A homenaxe a Ferrín, da que este libro constitúe a súa empresa máis significativa, conta, no entanto, con argumentos que a distinguen das ofrendas ao uso. No mínimo, pola dedicación a unha persoa viva e activa no sistema cultural e pola súa independencia e dificultade de apropiación polo campo do poder.

Coñécese sobradamente os perigos que ameazan as publicacións laudatorias: o amiguismo, o eloxio desmesurado, a descompensación entre os contributos, etc. E aínda que todos estes ingredientes se poden percibir no volume, non representan a norma xeral dentro dunha iniciativa que se propuxo estar á altura da indiscutida relevancia cultural e política do homenaxeado.

PRODUCIR COÑECEMENTO

A semente da nación soñada aposta na que debera ser a liña fundamental de calquera homenaxe: a produción de coñecemento sobre a figura, acontecemento ou colectivo sinalado. A primeira das súas seccións (“Semblanzas biográficas e socioliterarias de Méndez Ferrín”) constitúese, tanto pola súa amplitude como pola diversidade das achegas nela contidas, nun significativo catálogo de versións e testemuños. A súa contraposición e cruzamento serven para a reconstrución poliédrica do nivel micro-histórico e das relacións entre axentes e grupos imprescindíbeis para a comprensión da traxectoria de Ferrín, dimensións da historia non sempre atendidas na investigación literaria galega con todo o rigor suficiente.

Chama a atención, por inusual e enriquecedora, a ausencia de sectarismo na escolla das persoas convidadas a participar desta sección, evidenciada en textos como os de Luís Gonçalves Blasco (Foz), Nemésio Barxa ou X. L. Franco Grande, que incorporan un discurso crítico ou enfrontado co sostido por Ferrín. Á tarefa de produción e sistematización do coñecemento sobre o autor contribúe tamén de maneira brillante a compilación bibliográfica que fecha o libro, concibida con ansias de totalidade polos seus responsábeis, Miguel Anxo Seixas Seoane e Antón Capelán.

O segundo apartado, consagrado aos estudos sobre a obra de Ferrín, representa un interesantísimo ensaio das oportunidades que a ocasión dunha homenaxe pode conceder, en relación fundamentalmente coa discusión crítica sobre o escritor. Malia a súa brevidade, paga a pena destacar, entre máis de vinte estudos, os realizados por Anxo Angueira arredor do xénero testamentario, o de Arturo Casas en relación con *De Pondal a Novoneyra* (Xerais, 1984), a reflexión de Manuel Outeiriño verbo de *Contra maqueiro* (Xerais, 2005), a análise que sobre os mitos materialistas realiza Xosé Ramón Pena ou o olfacto

**A semente
da nación soñada**
VV. AA.
Sotelo Blanco
e Xerais, 2008
552 páx · 20 euros



de María do Cebreiro para indagar nas prezas da cidade e a modernidade. Tamén a recuperación dun agudo texto de Beiras escrito en 1982 para os “Cadernos de artes e letras” de *La Voz de Galicia*.


Non debera ser adiada moito tempo a proposta de estender esta dimensión investigadora alén da obra de Ferrín, co obxectivo de pensar o seu protagonismo no campo literario e no conxunto do campo cultural, de esclarecer as claves que permitan comprender a función que esta figura desenvolve no imaxinario soberanista galego ou de trazar a súa traxectoria, entendida como o encadeamento sucesivo das súas (con frecuencia significativas) tomas de posición tanto no eido literario canto no eido político. Sempre coa intención de contradicir, discutir, complementar ou rebater o discurso partidario.

As seccións terceira e cuarta agrupan, respectivamente, investigacións diversas non referidas á obra de Ferrín (aínda que si, en boa parte dos casos, a asuntos que foron do seu interese investigador, como o da literatura medieval) e achegas de creación literaria. Son apartados moito máis breves que os precedentes e talvez descompensados en relación con eles. Propostas investigadoras sempre lúcidas e non demasiado prodigadas como as de Antón Figuerola ou Marcial Gondar conviven con outras recoñecidísimas no ámbito filolóxico (Giuseppe Tavanni) ou amparadas polas súas responsabilidades institucionais (Xosé Ramón Barreiro).

Por outro lado, só as creacións de Xosé María Álvarez Cáccamo e Chus Pato semellan estar á altura dos máis interesantes contributos dos outros apartados, falando sempre dunha perspectiva non cualitativa e si significativa. Fundamentalmente porque dan continuidade e testemuñan recorrencias inter-textuais e relacionais verificábeis entre eses dous autores e o propio Ferrín, nunha liña de investigación que, no caso do binomio Pato-Ferrín, había deitar un bo mango de luz sobre ambas as traxectorias.

PENSAR FERRÍN, PENSAR O SISTEMA LITERARIO GALEGO

A semente da nación soñada amosa parcialmente o camiño para enfrontar os actos de recoñecemento como ocasión para a concreción de pensamento, investigación e discusión crítica. Ofrece tamén as condicións para crear un espazo de teorización e análise verbo de Ferrín como axente dos campos político e cultural, espazo cuxa columna vertebral se sitúa arredor dun conxunto de preguntas aínda non asumidas co rigor, a distensión e a pluralidade de voces necesarios. Preguntarse, por exemplo, en que medida Ferrín constitúe o



Xosé Luís Méndez Ferrín. // **Pepe Carreiro**

**A iniciativa
propúxose estar
á altura da
indiscutida
relevancia
cultural e política
de Méndez Ferrín**

epicentro e a medida do sistema literario, e pensar tamén por que e, en todo caso, a que proposta de planificación cultural obedece a veneración da súa figura e a proxección e aplicación continua das ideas fabricadas desde a súa posición.

Este volume demostra a urxencia de crear oportunidades para unha batalla de ideas constante e descomplexada sobre a construción cultural galega, e para o aproveitamento da enerxía creada nesa circunstancia. Tamén para marxinar as asuncións acríticas e para evidenciar o que de parálise hai, con certeza, no eloxio estéril. Para deseñar, finalmente, o mapa das posicións e relacións que nos axuden na comprensión dos feitos e das causas dos múltiples usos que de Ferrín se teñen feito, quer como (mellor) representante da literatura galega, quer como modelo de escritor comprometido, como símbolo de confrontación e discordia, como referente mesiánico ou de imitación, nunha dinámica con frecuencia auto-lexitimadora que, na proximidade, nunca resiste a poderosa construción que a figura do homenaxeado representa. // **Isaac Lourido**